

A antroponimia

É a rama da **Onomástica** que se encarga do estudo da orixe e significado dos nomes propios de persoa, tanto dos nomes de pía como dos apelidos.

A orixe

Adóitanse distinguir catro orixes principais:

- Latina. Moitos son os antropónimos latinos como: Agostiño e Augusto (*sagrado, venerábel*), Alba (*aurora, primeira luz do día; de pel branca, pura, luminosa*), Amanda/o (*digna/o de ser amada/o*), Araceli (*altar do ceo*), Aurora (*deusa romana da alba*), Beatriz (*a que fai feliz*), Bieito (*bendito*), Breixo (*o que conta a verdade*), Celso/a (*alto/a, excelso/a*), Clara (*brillante, famosa*), Laura (*coroa de loureiro*), Lourenzo (*xentilicio da cidade de Laurentum*), Marcos e Martiño (*derivados do nome do deus Marte*), Paulo/a (*pequeno/a*), Pedro (*forma masculina a partir de PETRUS, pedra*), Sixto (*o sexto na orde entre irmáns*), Vítor (*vencedor*), Xiana (*da familia ou gens Xulía*), etc.
- Hebrea. Os nomes desta orixe chegaronnos a nós a través do latín. Caso de: Ana (*Deus tivo misericordia*), Belén (*topónimo palestino*), Benxamín (*fillo predilecto*), David (*amado, estimado*), Eva (*vida, nai de todos os viventes, dadora de vida, vida que dá vida*), Iago/Santiago/Xacobe/Xácome/Xaime (*formas todas elas procedentes do nome bíblico, Xacob; cristiá, o segundo, o fillo segundo, o que vén detrás, Deus protexeu*), Noemí (*a miña ledicia, Deus é ledicia*), Rubén (*Deus viu a miña aflición*), Sara (*princesa*), Xoán (*Deus é bondadoso*), Xosé/Xosefa (*que Deus engada, multiplique*)...
- Grega. A través do latín, como: Alexandre/a (*defensor dos homes*), Anxo (*mensaxeiro*), Cristovo (*o que leva a Cristo*), Estevo (*coroadado, vitorioso*), Filipe (*que ama os cabalos*), Helena (*tea, facho; luz do sol, luz brillante*), Inés (*pura, casta*), Uxía (*ben nacida, de boa caste*), Xurxo (*labrego*)...
- Xermánica. Orixinariamente proceden, na maior parte dos casos, de dúas palabras: Adela/Adelaida (*de condición ou familia nobre*), Adolfo (*nobre+lobo*), Afonso (*nobre+rápido, veloz, valente*), Alberta/Alberte (*nobre+preclaro, ilustre*), Carlos (*home libre sen bens de seu, logo mestre ou mordomo do pazo*), Henrique/Henriqueta (*casa, torre+rico*), Lois/Luís/Luisa (*gloria+batalla*), Óscar (*deus+lanza*), Roi/Rodrigo (*fama, sona+señor, dominador*)...
- Doutras procedencias. Do éuscaro temos antropónimos procedentes de topónimos: Aránzazu, de Arantxa (*serra de moitos picoutos, lugar cheo de espiños*); Begoña (*outeiro*); Nuria (*chaira rodeada de outeiros*), Xabier (*casa nova*), etc. Do catalán como Montserrat (*monte en forma de serra*). Do árabe temos entre outros: Azucena/Susana (*lirio*), Fátima (*doncela*). Do arameo Marta (*señora, patroa*), Tomé (*xemelgo*). De orixe asiria temos Abel (*fillo*). Do ruso Boris (*loita, combatente*). Do persa Darío (*que posúe o ben*). Do etrusco Mario (*home*). Do checo Wenceslao/Venceslao (*o máis glorioso*). De orixe eslava Ladislao (*que domina, señor glorioso*), etc.
- Algúns nomes son creacións literarias. Un bastante usado é Vanessa. Acrónimo creado por Jonathan Swift nunha obra dedicada á súa amante Esther Vanhomrigh (coas primeiras sílabas do apelido e nome formou Vanessa). Outros teñen a súa orixe en personaxes lendarios ou mitolóxicos: Gael, Penélope, Tristán, Ulises, Breogán...
- Algúns antropónimos de muller proceden de nomes de santuarios ou advocacións da Virxe: Amil, Cristal, Fátima, Guadalupe, Lurdes, Pilar, Saleta...
- Outros teñen orixe xeográfica: Lidia (rexión de Asia Menor), Román, Cibrán (de Chipre), Mauro/Mauricio (de Mauritania), Hadrián/Hadriana (de Hadria, hoxe Atri, Venecia), África, Antela, Suevia...
- Hainos que son derivados ou hipocorísticos doutros. De Catarina, Catuxa; de Fausto, Faustino; de Margarida (italiano Margherita), Rita; de María, Marica ou Maruxa; de Paula/o, Paulina/o; de Severo, Severino ou Severiano; de Xosefa, Xosefina...
- Algúns nomes son variacións de distintas linguas cunha mesma orixe. Eloi é a versión francesa de Elixio; Sonia procede da forma rusa de Sofía; Iván é o mesmo que Xoán en ruso; etc.

Os hipocorísticos

Son variantes dun nome de persoa que se usan como apelativo familiar ou cariñoso, formadas pola redución ou modificación do nome orixinario. Así Suso ou Pepe, formas familiares de Xesús e Xosé respectivamente. A súa formación pode producirse mediante:

- Redución do corpo fónico por apócope (Bernal de Bernaldo, Encarna de Encarnación, Pura de Purificación...) ou por aférese (Mingos de Domingos, Miro de Ramiro, Chinto de Xacinto...).
- Sufixación, normalmente diminutiva, con valor afectivo: Carmiña ou Carmucha de Carme, Marica ou Maruxa de María, Milucho de Emilio, Pilocha de Pilar, Paco de Francisco...
- Modificacións fonético-expresivas nas que abundan as consoantes palatais: Xonxa, Chona, Chon de Asunción, Xico, Pancho, Farruco de Francisco, Chano de Luciano, Moncho de Ramón, Manolo, Manel, Lolo de Manuel, Checho de Uxío, Liallo de Xerardo, Quique de Henrique, etc.

Os apelidos

Acostúmase facer a clasificación dos apelidos en catro grandes grupos:

- Os **patronímicos**, apelidos procedentes do nome do pai. Orixinariamente uníase o nome de pía e o do pai mediante a preposición "de", que hoxe practicamente desapareceu. Son apelidos deste tipo: Alexandre, Alonso, Bernal, Clemente, Lois, Martiño, Tomé...
Pertencen tamén a este grupo todos os apelidos rematados en *-ez*, *es* ou *ís* (co significado orixinario de "fillo de"): Fernández, Ramírez, Estévez, Rodríguez, Sánchez... Algúns formáronse sobre nome que caeron en desuso: Vázquez, Suárez, Pérez, López (de Vasco, Sueiro, Pero, Lopo respectivamente); outros mudaron algo a súa fonética ou orixinaron formas diverxentes (de Diego temos Diéguez, Díaz, Díez, Diz; de Paio temos Páez, Paz e Pais; de Miguel, Miguélez, Míguez e Miguéns).
- Os **toponímicos**, procedentes de nomes de lugar: Abeledo, Baamonde, Bustelo, Buxán, Carballo, Casal, Curros, Lago, Montouto, Outeiro, Pazos, Quintáns, Souto, Vilanova, Vilar...
- Os procedentes de nomes de oficios. Como Ferreiro, Cabaleiro, Canteiro, Caseiro, Cunqueiro, Monteiro, Vaqueiro...
- Os procedentes de alcumes (ás veces baseados en nomes de animais) ou características físicas da persoa: Novo, Vello, Grande, Costas, Louzán/Louzao, Garrido, Tato, Carneiro, Rubio, Branco, Negro, Cao, Calvo, Crespo... Algúns designan relacións de parentesco: Neto, Collazo (de CO-LACTEU, "irmán de leite")...
- Podiamos engadir un último grupo de apelidos impostos pola Igrexa católica, ben por cristianización forzosa de individuos doutra relixión, ben por circunstancias como orfandade, descoñecemento dos pais, abandono paterno, etc.: Dios, Expósito, Iglesias/Igrexas, Santorum, Santos, Sinsegundo, etc...